

A MESA

**AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO
DO PXNLG
AO SE FACEREN 10 ANOS
DA SÚA APROBACIÓN**

www.amesa.gal - Correo-e: amesa@amesa.gal

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....pax. 3

**OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN E SECTORES
TRANSVERSAIS.....páx. 5**

1.- ADMINISTRACIÓN.....páx. 7

2.-EDUCACIÓN, FAMILIA E MOCIDADE.....páx. 11

**3.- MEDIOS DE COMUNICACIÓN E INDUSTRIAS
CULTURAIIS.....páx. 14**

4.- ECONOMÍA.....páx. 16

5.- SANIDADE.....páx. 18

6.- SOCIEDADE.....páx. 20

7.- PROXECCIÓN EXTERIOR DA LINGUA.....páx. 22

INTRODUCCIÓN

O 22 de setembro de 2004 o Parlamento Galego aprobaba por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, incluíndose nel non só unha análise das causas da perda de falantes da nosa lingua e as súas consecuencias, senón obxectivos claros e medidas concretas para revertir esa situación que a Xunta de Galiza debía comezar a aplicar.

A elaboración deste Plan Xeral respondeu a un proceso aberto e participativo no que colaboraron case mil persoas de diferentes ámbitos e foi asumido polo consunto das forzas políticas galegas: grupos políticos, técnicos, especialistas dos diferentes sectores e representantes da sociedade civil foron quen de chegar a un acordo amplo, unánime, que debía constituír un punto de partida para avanzar na normalización e na reposición da lingua aos espazos que nunca debera de ter perdido ou, cando menos, pasos para garantir a igualdade de condicións para as persoas que queren vivir en Galiza e falar na lingua de Galiza.

O PXNL convertiuse así nun mandato parlamentar ao goberno galego. Mostra desa unanimidade e do acordo acadado son as palabras do que era presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, no prólogo do Plan Xeral, onde se comprometía a "impulsar todas e cada unha das accións aquí sinaladas".

Este consenso xerado ao seu arredor, lembremos que por unanimidade parlamentar sendo Feixó Vicepresidente da Xunta, abriu unha porta á esperanza a través dun mínimo común denominador aparentemente asumido polo conxunto da representación pública, e que sentaba os alicerces para a restauración e a reposición da lingua galega, revertindo un proceso de séculos.

É a concreción da obriga estatutaria do gobernos de promover "o emprego do galego en todos os planos da vida pública" (art. 5.3), dos artigos 4.1 e 6.3 da Lei de Normalización Lingüística, e tamén da Carta Europea das Linguas ou da Declaración Universal, normas que amparan o dereito a vivirmos en galego e que o PXNL dotaba de contido a través de 440 medidas concretas.

A finais de 2004 comezaba a andar o PXNL cunha timidez que se converteu en parálise no 2009 para rematar en retroceso. A partir dese momento o goberno galego presidido po Núñez Feixó (participante do acordo parlamentar e na altura Vicepresidente da Xunta) comezou a actuar non para aplicar as medidas do Plan senón abertamente en contra delas.

Abonda con lermos en voz alta os Obxectivos Xerais definidos no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega para sermos conscientes de que dez anos despois en moitos sectores non só non avanzamos o suficiente senón que nalgúns, sobre todo tras este quinquenio negro para a lingua galega que está a supor o Goberno de Núñez Feixó, que se dedicou a desmantelar un por un os acordos en torno á lingua, estamos nunha situación peor que en 2004.

A observación da política lingüística levada a termo polo goberno de Feixó nestes últimos cinco anos evidencia non só que non se estan a aplicar as medidas acordadas no Plan Xeral, senón que en moitos casos se está a legislar en sentido contrario, e para imposibilitar na práctica a consecución dos obxectivos marcados, como demostra de xeito paradigmáticos o caso do ensino e o decretazo contra o galego. Este é o ámbito no que se materializou de forma máis evidente a vontade do PP de ir en contra do establecido no Plan Xeral e romper o consenso acadado en 2004 ao derrogar o Decreto de 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula uso e promoción do galego no sistema educativo, que seguindo o establecido no Plan Xeral de Normalización pretendía garantir unha presenza do 50% do galego como lingua vehicular no ensino non universitario.

As consecuencias do incumprimento e da renuncia á palabra dada en forma de acordo parlamentar están á vista: retroceso sen precedentes no número de falantes, desaparición da lingua galega da Educación Infantil das cidades, exclusión do galego en ámbitos claves da sociedade, vulneración de dereitos lingüísticos e cidadáns e inferioridade de condicións das persoas galegofalantes no seu propio territorio, usuarios de servizos aos que lle negan atención por se expresaren na súa lingua, falta de programas informáticos que garantan o dereito a recibir documentación en galego, imposibilidade de ver un filme en galego nunha sala comercial ou de ter a opción ao galego en produtos audiovisuais, etc. son algúns dos exemplos que evidencian as graves consecuencias que ten para a cidadanía galega o incumprimento do PXNL.

Esta involución foi obxecto de resposta por parte da cidadanía galega que protagonizou as mobilizacións sociais máis grandes da historia de Galiza convocada pola Plataforma Cidadá Queremos Galego que agrupa a máis de 600 entidades sociais de diferentes ámbitos. Tamén no ámbito do ensino o éxito da Folga do 20 de xaneiro de 2010 foi mellor mostra da unanimidade alcanzada entre organizacións sindicais, ANPAS e organizacións estudantís. O conxunto da comunidade educativa manifestouse contraria ao decreto 79/2010 que inviabilizaba o acordado no PXNL que tivera como resultado Decreto 124/2007 amplamente respaldado e cuxa plena legalidade foi certificada polo TSXG, ao contrario do de 2010.

Neste documento ofrecemos unha avaliación dos principais obxectivos que se marcaron no Plan Xeral hai dez anos e sinalamos os incumprimentos máis alarmantes das medidas acordadas, os retrocesos e algunhas das evidentes actuacións contra o Plan.

Como conclusión, para a Mesa pola Normalización Lingüística é preciso:

- **Retornar ao consenso de 2004 por parte de quen o abandonou, nomeadamente o Partido Popular e o Presidente da Xunta que ten a obriga de aplicar o PXNL.**
- **Compromiso explícito e efectivo co PXNL por parte do goberno e actuacións legislativas que desenvolvan o contemplado nas medidas do PXNL.**
- **Posta en marcha inmediata das medidas contempladas no PXNL, coa aprobación dun calendario que comprometa fases, prazos de execución, etc.**
- **Derrogación de todas as disposicións legais contrarias ao PXNL nomeadamente as relacionadas co ensino e coa administración.**

OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN E SECTORES TRANSVERSAIS:

OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN:

- Garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Consegui para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

A- Dereitos lingüísticos

1. Consegui que todos os cidadáns coñezan de forma efectiva o seu dereito a se expresaren e a seren atendidos en galego.
2. Promover o exercicio do dereito a expresarse e a ser atendido en galego.
3. Eliminar calquera atranco no exercicio dese dereito.

B- Novas tecnoloxías

1. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
2. Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.

3. Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.

4. Potenciar a investigación da tradución automática, o recoñecemento e a síntese de voz, e outras novas técnicas que faciliten a opción positiva no mercado da información e da comunicación, e que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

C- Implementación do corpus

1. Pór ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais.

AVALIACIÓN:

Abonda con lermos en voz alta os Obxectivos Xerais definidos no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega para sermos conscientes de que dez anos despois da súa aprobación non só non estamos máis perto de os acadar, senón que nalgúns aspectos, sobre todo tras este quinquenio negro para a lingua galega que está a supor o Goberno de Núñez Feixó, estamos nunha situación peor que en 2004.

Todos os que desexamos vivir en galego sabemos que esta posibilidade non está garantida e que moitas veces son as propias institucións públicas as que nolo dificultan. Non houbo avances significativos na incorporación da lingua galega a novas funcións nin espazos de uso en sectores estratéxicos, ben ao contrario, nalgúns casos poderíamos sinalar retrocesos. Non se fixo nada por introducir na sociedade a oferta positiva de atender a cidadanía ou clientela en galego como norma de cortesía, ben ao contrario, en ocasións o propio Goberno galego deu amparo a caricaturizacións que pretendían facer pasar os galegofalantes que non renunciaban ao uso da súa lingua nestas situacións como talibáns, intransixentes, maleducados ou simplemente bichos raros. Lonxe de promover unha visión afábel, moderna e útil da lingua galega, o PP axitou vellos prexuízos e minou a estima de parte da sociedade cara á lingua levado por intereses mesquiños e electoralistas. Desde o propio Goberno galego de Feixó insistiuse nunha campaña de desprestixio contra o galego para xustificar a súa erradicación do sistema educativo.

En relación aos **dereitos lingüísticos**, é preciso denunciar que se continúa a incumprir impunemente a lexislación que os ampara, en ocasións mesmo pola propia Administración. Cómpre salientar que desde a Xunta non se fixo ningunha campaña para dar a coñecer o dereito da cidadanía a se expresar e ser atendida en galego nin se promoveu nunca o exercicio deste dereito, tal como se recollía no Plan Xeral. Ao contrario, foi nestes anos A Mesa quen máis se caracterizou por facer este traballo, atopándose en ocasións mesmo coa resposta virulenta da Xunta.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, unha de cuxas funcións segundo a lexislación é precisamente garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, evidenciou nos últimos anos a súa incapacidade e

ineficiencia (principalmente por falta de vontade política) para dar resposta aos graves casos de discriminación denunciados por moitos cidadáns a través da Mesa.

No tocante ás **novas tecnoloxías**, é evidente que nestes dez anos o galego percorreu un camiño importante, mais cómpre sinalar que na maioría dos casos foi froito do esforzo e do traballo da sociedade civil comprometida coa lingua, e non do impulso da Administración. Logros como a tradución de Twitter ou outras redes sociais ao galego ou a campaña para que haxa unha versión nativa do sistema operativo Android na nosa lingua son unha boa mostra do desleixo da Xunta e da forza do activismo lingüístico.

É significativo neste sentido que proxectos que se puxeran en marcha durante o Bipartito para favorecer a incorporación do galego neste ámbito como *Mancomún* en relación ao software ou a plataforma para demandar e visibilizar a telefonía móbil en galego foron desmantelados nada máis chegar Feixó ao goberno.

1.- ADMINISTRACIÓN

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.

2. Incrementar o uso da lingua galega na Administración de Xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas, e garantir a atención aos cidadáns en galego.

Áreas do sector

Área 1. Xunta de Galicia OBXECTIVOS DE ÁREA

- Conseguir unha mellora das actitudes dos funcionarios cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional.
- Lograr que as persoas que traballan ao servizo da Xunta de Galicia, en calquera dos seus departamentos, practiquen a oferta positiva que xeneralice o uso do galego na Administración.
- Asumir o liderado e coordinación do proceso de normalización da lingua propia de Galicia, optimizando os recursos e colaborando coas

entidades cívicas que puxeron en marcha e manteñen vivo este proceso.

- Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

Área 2. Administración local OBXECTIVOS DE ÁREA

- Consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.
- Incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través de empresas subcontratadas.
- Poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender

nesa lingua o cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual da oferta positiva.

Área 3. Administración de Xustiza OBXECTIVOS DE ÁREA

- Conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.
- Garantirles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos.
- Propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións.

Área 4. Administración periférica do Estado OBXECTIVOS DE ÁREA

- Velar, en cumprimento dos mandatos constitucional e estatutario, polo uso do galego nos departamentos e organismos radicados en Galicia dependentes da Administración do Estado.
- Lograr que o carácter plurilingüe do Estado sexa un feito recoñecido como natural na práctica desa Administración.

AVALIACIÓN:

No sector da administración constátanse importantes retrocesos para o galego nos últimos tempos, en parte porque é a primeira responsábel da protección e promoción da nosa lingua, mais tamén porque os gobernos estatal, galego e algúns locais están a deixar de pór en práctica medidas de protección para o galego, ou a aplicaren directamente medidas que implican claros retrocesos.

En relación á **Xunta de Galiza**, partíase dun amplo uso do galego cando menos a nivel escrito, na maioría de actuación da administración. Porén, desde a aprobación do PXNLG non se avanzou na oferta positiva do galego en todos os departamentos, sobre todo na atención oral. Noutros departamentos hai claros pasos atrás, mesmo a nivel escrito e chegando a vulnerar a lexislación. Un dos exemplos máis rechamantes é o da Consellaría de Traballo e Benestar dirixida por Betariz Mato, que acumula queixas pola exclusión do galego na súa actividade e publicacións.

Por outra banda, é evidente que a Xunta non está a asumir o "liderado e coordinación" do proceso de normalización da lingua propia de Galiza, e desde que Feixó ocupa a Xunta cortáronse todas as vías de colaboración coa principal entidade cívica a prol da normalización, como é A Mesa.

No referido á **administración local**, malia existir tamén desde hai décadas unha lexislación clara favorábel ao galego, continúa a haber corporacións locais e deputacións que se negan a asumir o papel normalizador que lles corresponde, mesmo coa exclusión habitual do galego en comunicacións oficiais. Boa mostra é a precarización e desmantelamento ao que se someteron moitos Servizos de Normalización municipais nos últimos anos. Outras corporacións caracterízanse por nin tan sequera

respectar a oficialidade mínima da nosa lingua no que se refire a garantir a atención en galego, respecto da toponimia, etc.

O ámbito da **xustiza** é unha das áreas onde con máis descaro se incumpren os obxectivos do PXNLG. De feito nin tan sequera se garanten os dereitos lingüísticos recoñecidos na lexislación vinculante como a LNL ou a Carta Europea das Linguas.

Desde a entrada en vigor da *Lei de Normalización Lingüística*, hai máis de trinta anos, apenas se progresou na introdución da lingua galega na administración de xustiza. Do mesmo xeito, desde que entrou en vigor en 2001 incúmprese sistematicamente a *Carta Europea das Linguas Minorizadas*, tratado internacional ratificado polo Estado e que como tal forma parte do ordenamento xurídico interno.

De todas as notificacións e resolucións xudiciais que saen dos xulgados, as que se redactan en galego non superan o cinco por cento. A esta privación xeneralizada do dereito dos cidadáns a seren correspondidos no emprego da lingua galega nas súas relacións coa administración de xustiza contribúe, por unha banda, a negativa da maioría dos membros do poder xudicial e do ministerio fiscal a empregaren a lingua galega no desempeño das súas funcións. Un dos principais atrancos é que a día de hoxe o coñecemento do galego continúa sen ser un requisito para ser xuíz/a, fiscal ou secretario/a xudicial en Galiza.

Mais tamén a propia Administración autonómica galega, con competencias para a xestión do persoal e dos medios, ten unha grande responsabilidade, que neste caso non se limita ao seu habitual deixamento de funcións, senón que mesmo actúa abertamente en contra do estipulado no Plan Xeral. Por exemplo, non só non introduce os programas informáticos con capacidade para xerar os documentos en lingua galega, senón que os que prové dificultan o uso do galego. Os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo. Unha mostra é o programa informático distribuído pola Xunta de Galiza en 2010 (o programa *Libra*) que directamente non permite usar a lingua propia do país e fornece formularios, lexislación e xurisprudencia só en español. Así, dos setenta xuízos rápidos en galego que houbo en 2009 convertíronse en cero a partir do 4 de maio de 2010 coa distribución do novo sistema informático achegado pola administración galega.

A área da **Administración periférica do Estado** é outra nas que se constatan pasos atrás evidentes nos últimos anos, sobre todo desde que o PP ocupa o Goberno do Estado.

Nos últimos anos houbo unha involución evidente e escandalosa no respecto aos dereitos lingüísticos nas distintas Administracións do Estado: trabas para acceder á administración electrónica en galego en contra do que afirma a lexislación, negativa de administracións con sede territorial en Galiza a respectar o dereito dos cidadáns a que se tramiten os seus expedientes e recibir as notificacións en galego, non recoñecemento de escritos oficiais polo feito de estaren redixidos en galego ou o feito de que moitas administracións retiraron da circulación impresos, formularios e modelos de escritos que se empregaban en galego con normalidade até hai uns anos e que hoxe só están dispoñíbeis en español (o caso de Facenda é significativo neste sentido), etc. Son mostras dunha clara política lingüística que pretende facer da oficialidade do galego papel mollado e negar o carácter plurilingüe do Estado.

INCUMPRIMENTOS DAS MEDIDAS ACORDADAS:

Xunta de Galiza

- No 2009 eliminouse a exigencia de que das probas para o acceso á función pública, cando menos unha fose escrita en galego, garantindo así o coñecemento da nosa lingua.
- Non se estableceron mecanismos que garantisen un aumento efectivo da presenza do galego nas entidades receptoras de axudas públicas e, xa que logo, non se puido avaliar o cumprimento.
- Constátanse incumprimentos na utilización da forma galega dos topónimos como única válida e oficial tanto por parte das diferentes administracións como por empresas ou entidades que contan con financiamento público.

Administración local

- A privatización de servizos e/ou a súa subcontratación motiva que moitos se deixen de prestar en galego non dando nin sequera opción baixo o argumento de seren empresas foráneas.
- Constátase a non aplicación do PXNL no relativo ás exigencias de garantías ás empresas concesionarias en materia lingüística á cidadanía.
- Estanse a precarizar ou desmantelar moitos Servizos de Normalización Lingüística municipais.

Administración de Xustiza

- Os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián dificultan o uso da lingua galega malia estaren proporcionados pola Xunta, comprometida polas medidas do PXNL a garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galiza.
- Nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, non se pregunta de oficio cal é a lingua habitual do cidadán para que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental. Mesmo cando o interesado solicita abertamente o seu desexo de que o procedemento e notificacións se tramiten na súa lingua en moitas ocasións non se lle garante este dereito.
- É evidente a negativa de grande parte dos membros do poder xudicial e Ministerio fiscal a utilizaren a lingua do país.
- O coñecemento do galego continúa a non ser un requisito para exercer como xuíz/a, fiscal/a ou secretario/a xudicial

Administración periférica do Estado

- Ignoráronse medidas como a de establecer como norma que todas as comunicacións da Administración central (maiormente a Facenda) se fagan na lingua declarada como habitual no Censo do 2001.
- Existen graves problemas para poder dirixirse en galego á Administración periférica do Estado, nomeadamente a través dos mecanismos electrónicos que, na maior parte dos casos, non

ofertan a opción en galego.

Notarías

- Continúase sen garantías mínimas por parte da cidadanía de obteren os seus documentos notariais en galego sen que implique demoras ou molestias innecesarias, que evidencian o desleixo da administración en facer efectivo o establecido no PXNL.

2.-EDUCACIÓN, FAMILIA E MOCIDADE

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
2. Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
3. Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio.
4. Fomentar entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega

Áreas do sector

Área 1. Ensino OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

- Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Área 2. Formación de adultos OBXECTIVOS DE ÁREA

- Lograr que a formación de adultos faga percibir o galego como unha axuda para a comunicación e como unha fonte de enriquecemento e de integración no pasado e no futuro do pobo galego.
- Garantir a especialización en galego dos profesionais que exerzan a súa actividade laboral en traballos de

atención ao público ou que esixan competencias comunicativas especializadas

Área 3. Transmisión familiar OBXECTIVOS DE ÁREA

- Concienciar as familias dos valores identitarios do galego, das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento e, polo tanto, da transcendencia de transmitírllelo aos seus fillos.
- Fomentar a transmisión e mais a aprendizaxe da lingua galega dentro das familias, especialmente nas de recente formación e nas asentadas en núcleos urbanos.

Área 4. Mocidade OBXECTIVOS DE ÁREA

- Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.
- Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.
- Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.

AVALIACIÓN:

Este é seguramente o ámbito onde máis palpábel e evidente é a actual política lingüística en Galiza, tanto por acción do Goberno galego como do Estado. A día de hoxe, o ensino segue conducindo a unha perda moi elevada de galegofalantes no canto de frear o proceso de substitución lingüística.

Neste caso, o goberno do PP non se limitou a incumprir o Plan, senón que mesmo legislou para que sexa imposible cumprir os obxectivos que fixa, como "alcanzar un uso maioritario do galego na docencia" ou "fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos).

Tamén é o ámbito no que se materializou de forma máis evidente a vontade do PP de ir en contra do establecido no Plan Xeral e romper o consenso acadado en 2004 ao derrogar o Decreto de 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula uso e promoción do galego no sistema educativo, que seguindo o establecido no Plan Xeral de Normalización pretendía garantir unha presenza do 50% do galego como lingua vehicular no ensino non universitario. O Goberno de Feixó substituíuno polo mal chamado "Decreto de plurilingüismo" (que en teoría reduce esta presenza a un 33%, aínda que na práctica na maioría dos centros a porcentaxe de materias ministradas en galego é aínda menor) supuxo un fito por ser o propio Goberno galego quen legislaba, por primeira vez desde a ditadura, abertamente en contra da lingua que debería protexer e potenciar. Así o constatou o propio Comité de Expertos do Consello de Europa no seu último relatorio sobre a aplicación en Galiza da CELRM, no que se critica a "redución gradual" do ensino en galego "en todos os niveis" levada a termo polo Goberno galego. Este decreto non só reduce a presenza do galego no ensino, senón que mesmo chega a prohibir expresamente,

tamén por vez primeira desde a ditadura, a impartición de determinadas materias en galego, como as Matemáticas ou das áreas científico-técnicas.

Por outra banda, hoxe en día é imposíbel garantir o ensino en galego nas primeiras etapas, e no Ensino Obrigatorio a lexislación aprobada polo Estado (Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa) supón unha grave situación de inferioridade das linguas cooficiais dentro do currículo. Ademais pola vía dos feitos néganse os medios para que as crianzas teñan mesmo un contacto mínimo co galego.

Neste sentido é clarificador o estudo elaborado pola Mesa, ou mesmo os datos fornecidos polo propio conselleiro de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística (aínda sendo unha simple declaración de intencións por parte dos centros), onde se corrobora a práctica desaparición da lingua galega da Educación Infantil nas cidades.

INCUMRIMENTOS DAS MEDIDAS ACORDADAS:

Ensino

- Derrogouse o decreto 124/2007 que introducía algunhas das medidas contempladas no PXNL sobre o galego no ensino, entre elas a 2.1.22, 2.1.23, 2.1.27, 2.1.28, 2.1.29 que introducían: oferta de preescolar en galego, e como mínimo de 50% de ensino en galego para todos os ciclos educativos obrigatorios, así como ciclos formativos e Bacharelato.
- Coa aprobación do decreto contra o galego 79/2010, limitouse a un máximo o número de materias a impartir en galego, prohibindo expresamente a impartición en galego de matemáticas na Educación Primaria e de Matemáticas, Tecnoloxía, e Física e química en Secundaria.
- Aspectos centrais do decreto 79/2010 como consultar os pais a lingua ou a posibilidade de que a lingua na aula fose diferente á da materia, foron declaradas ilegais polo TSXG. O mesmo Tribunal confirmara a plena legalidade do decreto 124/2007 derogado.
- Non se levou a cabo ningunha campaña de sensibilización ante o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa. Fronte á análise crítica dos prexuízos existentes en relación ao galego, a derogación do decreto 124/2007 e a xustificación dada pola administración contribuíu a afortalalos.
- Reduciuse o apoio institucional e o financiamento ás equipas de normalización e dinamización lingüística, ás que se lle retirou mesmo a referencia á "normalización" do nome.
- A avaliación da situación do galego no ensino é inexistente, mais alá das proclamas propagandísticas da Consellaría, malia as reiteradas solicitudes de información realizadas desde diversas entidades.
- As "Galescolas", escolas de Educación Infantil, cun proxecto educativo que contemplaba uns contidos mínimos en lingua galega, foron substituídas polas "Galiñas azuis", ao tempo que se eliminaron os programas piloto de inmersión, todo isto precedido dunha belixerante campaña mediática destinada a afortalar e aumentar na sociedade os prexuízos contra o galego. Como resultado o galego está excluído de grande parte das escolas infantís das cidades galegas.

Formación de adultos

- Mostra do desinterese da Xunta neste ámbito foi o conflito provocado polo despedimento do profesorado CELGA contratado en condicións de precariedade incumprindo a lexislación laboral.
- Falta de medios básicos por parte do profesorado contratado.

Transmisión familiar

- As campañas con contidos e materiais divulgativos orientados a potenciar a transmisión familiar da lingua galega débense só a acción de entidades de carácter social sen que a administración fixese nada neste sentido nos últimos anos.
- Desaparición do programa "Preescolar na casa", citado nas medidas do PXNL.
- Ausencia absoluta de produtos audiovisuais dobrados ou subtitulados.
- Oferta insuficiente de programas e xogos informáticos adaptados ao galego.
- Diminución da oferta en galego destinada á infancia nas televisión públicas.

Mocidade

- Ausencia na actualidade de campañas efectivas de sensibilización e de información sobre a lingua galega entre a mocidade contemplada no PXNL.
- Nulo interese por fomentar o uso do galego nos ámbitos sociais de máis impacto e utilización por parte dos máis novos (pubs, discos, bares musicais, etc).
- Ningunha acción para fomentar a utilización do galego nas actuacións e actividades musicais, incluída a CRTVG.
- Non se estableceron acordos coas cadeas de televisión e de radio locais que emiten en Galiza para incrementar o uso do galego nos programas destinados á mocidade.
- Non se desenvolveu unha política activa de creación e de adaptación ao galego de programas, xogos informáticos e videoxogos, de banda deseñada, e de programas audiovisuais destinados ao público mozo. Dispoñer en galego dos sistemas operativos e dos programas informáticos (e das súas actualizacións) máis utilizados, promovendo o soporte lóxico libre en galego.
- Non se estableceron acordos que permitan dispor dunha oferta abonda e competitiva de produtos audiovisuais en vídeo e en DVD en lingua galega, dobrados e/ou subtitulados.
- É inexistente a dobraxe ao galego do cine exhibido en Galiza e non hai garantías para súa distribución e exhibición en condicións de igualdade respecto do cine en castelán.

3.- MEDIOS DE COMUNICACIÓN E INDUSTRIAS CULTURAIS

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Aumentar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación de masas, nas industrias culturais (editoriais, audiovisuais, cinematográficas, etc.) e na publicidade, de tal xeito que se garanta unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego.
2. Asegurar neste sector un galego de calidade no que se conxuguen autenticidade, estandarización e funcionalidade.
3. Promover que os medios públicos ofrezan unha programación prestixiosa da lingua

Áreas do sector

Área 1. Medios de comunicación OBXECTIVOS DE ÁREA

- Iniciar un proceso de incremento anual e constante do uso do galego nos medios de comunicación públicos e privados que supere a actual situación de marxinación e de confinamento no eido cultural.
- Lograr unha ampla oferta informativa lúdica e cultural en galego, tematicamente variada e de calidade.
- Pór ao alcance dos profesionais do sector os medios formativos, didácticos e técnicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego no seu

traballo profesional.

- Incrementar a presenza do galego na publicidade comercial, especialmente na destinada ao consumidor infantil e xuvenil.
- Concienciar os comerciantes, empresarios e, especialmente, os publicistas de que o galego axuda a vender.

Área 2. Industrias culturais OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir que os produtos de máxima difusión e demanda poidan chegar en galego á sociedade galega.
- Lograr un incremento notable da oferta de produtos culturais en galego, tanto de produción autóctona coma foránea, incidindo especialmente naqueles sectores e xéneros máis deficitarios ou desatendidos.

AVALIACIÓN:

Os últimos anos non se caracterizaron por un aumento da presenza do galego nos medios de comunicación de masas, como indica o Plan. Ben ao contrario, a chegada do PP ao goberno provocou o fecho das principais cabeceiras impresas en galego sen que desde a Xunta se fixese nada por o impedir.

Así, malia as subvencións á prensa teoricamente condicionadas ao uso do galego, hoxe a nosa lingua presenta menores porcentaxes de utilización que hai 20 anos, chegándose, nalgúns casos, a reproducir en español declaracións feitas inicialmente en galego.

A Xunta foi incapaz de acadar ningún tipo de acordo coas principais cabeceiras para chegar no prazo establecido ao 30% de contidos en galego que sinala o PXNLG.

Os poucos medios que si fan información escrita íntegra ou maioritariamente en galego reciben escaso ou ningún tipo de axuda pública.

En Galiza, a entrada da TDT supuxo unha redución proporcional máis que significativa da presenza do galego na televisión. Neste momento, só a primeira canle da TVG emite integramente en galego e as canles de televisión privada de ámbito autonómico na práctica apenas emiten un 10% nesta lingua.

No tocante ás **industrias culturais**, é evidente que desde a Xunta non se fixo nada por garantir que os produtos culturais de máxima difusión e demanda poian chegar en galego á sociedade, nin por incrementar a oferta de produtos culturais en galego tanto de produción autóctona como foránea.

A crise serve como escusa para que as autoridades limiten ou mesmo eliminen todo tipo de axudas a entidades e empresas culturais. Dese xeito, o acceso ao cinema en galego é inexistente nas nosas salas e as editoriais na nosa lingua ven a súa actividade moi limitada. O mesmo acontece con compañías teatrais e outras manifestacións culturais. (Neste sentido, é significativo que nas salas de cine se estrasen máis filmes estranxeiros en galego antes da aprobación do Plan Xeral que despois...). Nin a Xunta nin a CRTVG fan nada por garantir unha oferta mínima de DVDs ou outro material audiovisual en galego ou con opcións de lexendas no noso idioma.

INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS ACORDADAS:

Medios de comunicación

- Non se coñecen as xestións para recuperar Radio4 como emisora de RNE que emita integramente en galego, tal e como contemplaba o PXNL.
- Non se coñece a existencia de negociacións coas TV locais e coas cadeas privadas con presenza en Galiza para a emisión de películas dobradas ao galego.
- Non se estableceron acordos cos diarios de maior tiraxe, para ir aumentando a presenza do galego, até chegar en 10 anos a un mínimo dun 30%, ou que todas as entrevistas e declaracións feitas en galego sexan reproducidas na mesma lingua.

Industrias culturais

- Como se xa sinalou no apartado de mocidade e malia a intención do PXNL de promover a dobraxe ao galego de polo menos 10 filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais, a realidade é que esta posibilidade non existe e é literalmente imposible ver en galego ningún filme estranxeiro nos cines.
- Son evidentes as dificultades dos filmes galegos para seren emitidos en salas comerciais.
- Son contadas as empresas que ofrezan avisos do tipo de "apagado/fóra de cobertura" para as chamadas desde Galiza, ou para quen o solicite.
- Desmantelouse o proxecto Mancomún para a tradución de software libre ao galego.

4.- ECONOMÍA

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias.
2. Estender o uso da lingua galega nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
3. Fomentar nos consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.

Áreas do sector

Área 1. Industria

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover a incorporación do uso do galego, especialmente nas empresas punteiras da economía galega.
- Incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as empresas.
- Garantir o uso do galego no sector industrial público dependente das distintas administracións que desenvolven actividade

en Galicia

Área 2. Comercio

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Alentar as empresas a valorar os beneficios derivados da incorporación da lingua galega ás actividades comerciais.
- Promover o establecemento da oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica comercial habitual.

Área 3. Cooperativismo

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover nas cooperativas de Galicia o uso da lingua galega como lingua de relación interna entre os seus asociados e de uso administrativo na documentación que a súa actividade xere.
- Potenciar que as cooperativas galegas empreguen a lingua galega nas relacións comerciais cos seus clientes e como indicativo identitario dos seus produtos.

Área 4. Banca

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Estender a práctica entre as entidades bancarias e caixas de aforro de utilizar a lingua galega na documentación informativa e contractual, nos servizos en liña e na atención ao público.
- Promover o establecemento da Oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica habitual na banca.

Área 5. Traballo

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Xeneralizar o uso do galego como lingua de traballo e das relacións laborais.
- Asegurar unha maior presenza do galego nas carreiras técnicas, na formación profesional e no ensino non regrado.
- Comprometer os sindicatos e outras organizacións de traballadores no proceso normalizador da lingua galega.
- Garantir o dereito dos traballadores a utilizar a lingua galega nas súas relacións laborais

AVALIACIÓN:

Tamén no sector da economía os obxectivos fixados hai dez anos no PXNL fican lonxe de acadarse.

Non só non houbo ningunha campaña para "fomentar nos consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego", senón que desde a propia administración se chegaron a facer campañas mediáticas contra A Mesa precisamente por defender os consumidores e consumidoras que vían negado ese dereito.

Tampouco frutificaron os intentos de crear unha regulamentación no ámbito do comercio que protexa os dereitos lingüísticos das consumidoras e consumidores galegos.

No mellor dos casos a política da Xunta neste ámbito limitouse á concesión de subvencións. Mais mesmo as subvencións públicas ás empresas que empregaban o galego como lingua vehicular das súas actuacións foron suprimidas primeiro por Touriño, que as substituíu por subvencións á Confederación de Empresarios, e definitivamente polo Goberno de Feixó. A supresión destas axudas supuxo un duro golpe ao proceso de extensión do galego no sector empresarial.

Ligado a isto, co Goberno de Feixó deixouse de ofrecer o servizo de asesoramento lingüístico ás empresas, non hai ningunha acción para animar a publicidade en galego nin se impulsa por parte da Xunta novas tecnoloxías de facturación e contabilidade en galego.

Para calquera persoa que pretenda vivir en galego resulta evidente que son moitas as empresas instaladas en Galiza nas que non é posíbel realizar ningunha xestión en galego. Mesmo naqueles casos nos que hai lexislación que regula a posibilidade de que os cidadáns recibamos determinada documentación en galego, como contratos con empresas aseguradoras, ou nas empresas de servizos públicos como a telefonía, electricidade, gas ou auga, estas empresas incumpren e ignoran claramente os dereitos da cidadanía. Na Mesa recibimos habitualmente informacións de cidadáns que

protestan ante estas empresas, que en principio negan ese dereito e que tras argumentar a súa existencia, no mellor dos casos acaban por recoñecer estes dereitos, aínda que con dificultades. Na maioría destes casos, o Instituto Galego de Consumo límitase a ignorar as reclamacións de consumidoras e consumidores que ven vulnerados os seus dereitos lingüísticos e cidadáns ante as empresas.

Os retrocesos na atención telefónica en galego e no ámbito do telemarketing en xeral non só provocou a degradación dos dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios, senón a perda dun gran número de postos de traballo en Galiza coa deslocalización de moitas empresas do sector.

Do mesmo xeito, resulta evidente que o galego está ausente da maioría da documentación financeira e bancaria, sobre todo tras a desaparición e desgaleguización das caixas de aforros, nas que se avanzara sobre todo pola iniciativa da Mesa.

No ámbito do traballo tamén hai que sinalar que nos últimos anos non se avanzou nada na incorporación dos dereitos lingüísticos dos traballadores nos convenios colectivos das empresas e retrocedeuse na presenza do galego nas carreiras técnicas, formación profesional e ensino non regrado.

INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS ACORDADAS:

Industria

- Ningunha campaña publicitaria vinculando os *produtos estrela* de Galiza co patrimonio lingüístico ou a natureza, o turismo rural, a cadea ecolóxica cos nomes das cousas e dos lugares e coa lingua que neles se creou e pervive.
- Non se incorporou como criterio das concesións de axudas públicas ou contratos da Administración pública a implicación da empresa no uso do galego, nin se introduciron en todas as axudas unha cláusula de promoción do galego.

Comercio

- Inexistencia de bonificacións no tratamento fiscal dos custos nos que incorren as empresas (doazón para un ben cultural).
- Ningún avance nos dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios que lexitimamente queren utilizar o galego en Galiza.
- Ningunha acción da administración para que o galego teña igualdade de condición na etiquetaxe, instrución de uso ou información de produtos comercializados en Galiza.

Banca e seguros

- Constátanse dificultades e en moitas entidades imposibilidade para a obtención de formularios, contratos ou outra documentación en galego, mesmo solicitándoa e aínda baixo o amparo legal.

5.- SANIDADE

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes, utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.
2. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.
3. Potenciar o emprego da lingua galega na área sanitaria.

Áreas do sector

Área 1. Sanidade pública e privada OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover a normalización do uso da lingua galega nos centros de atención primaria, nos puntos de atención continuada e nos centros hospitalarios dependentes da Consellería de Sanidade.
- Lograr que todos os dispensadores de

servizos sanitarios e asistenciais teñan coñecemento de galego abondo para poderen practicar a Oferta positiva nesta lingua.

- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.
- Promover a normalización do uso da lingua galega nas empresas privadas dispensadoras de servizos sanitarios e asistenciais.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Área 2. Farmacia OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover entre os farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia a idea de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e mais a comunicación entre eles e os usuarios destes establecementos.
- Concienciar a industria farmacéutica de que co emprego da lingua galega incrementará a eficacia da información contida nos textos que dirixen aos usuarios

dos seus produtos.

Área 3. Veterinaria OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover que as comunicacións, tanto orais como escritas, que os veterinarios produzan durante o exercicio da súa profesión se realicen en galego.
- Concienciar os profesionais do sector da veterinaria privada de que o uso da lingua galega facilitará e mellorará as comunicacións cos seus clientes.
- Concienciar a industria farmacéutica veterinaria de que co emprego da lingua galega se verá incrementada a eficacia da información contida nos seus produtos.

Área 4. Colexios oficiais OBXECTIVOS DE ÁREA

- Lograr que os colexios oficiais actúen como axentes de promoción da lingua nos seus respectivos ámbitos profesionais.
- Propoñer a Oferta positiva de atención en galego a todos os profesionais adscritos ás asociacións e aos colexios oficiais do sector (médicos, farmacéuticos, veterinarios, enfermeiros, logopedas, etc.).

AVALIACIÓN:

Na sanidade pública hai unha lexislación clara que defende os dereitos lingüísticos dos pacientes. Aínda así, son moitas as trabas para que un paciente reciba atención sanitaria na súa lingua. Constátase en casos concretos como a imposibilidade de recibir a documentación do consentimento do paciente para as probas na lingua propia, por exemplo, e desde a Mesa temos denunciado outros casos gravísimos de discriminación neste ámbito.

A isto súmaselle o gran retroceso que está a haber nos últimos anos en canto á sinalética e cartelaría dirixida ao público nos centros e no emprego da lingua galega en documentación e comunicación interna.

Se isto sucede na sanidade pública, no ámbito privado a desprotección é moito maior.

No ámbito farmacéutico, non coñecemos ningún produto que ofrezca información ao consumidor ou paciente en galego, e descoñecemos que a Xunta fixese ningunha campaña ou impulsase algunha acción postiva nese ámbito.

En relación aos Colexios Oficiais, a maioría dos colexiados nin sequera vén respectado o dereito de recibir información en galego cando o solicitan expresamente. Mesmo en casos nos que os Colexios oficiais actúan como parte pública en procesos administrativos non respectan o dereitos dos cidadán de recibir esa documentación en galego.

INCUMPRIMENTOS DAS MEDIDAS ACORDADAS:

Sanidade pública e privada

- Falta de garantías na atención sanitaria na lingua da elección do paciente. Constátase en casos concretos como a imposibilidade de recibir a documentación do consentimento do paciente para as probas na lingua propia, negativas nos centros sanitarios a facilitar atención oral en galego, etc.
- Non se estableceron cláusulas a prol da normalización lingüística nas diferentes modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o SERGAS con entidades privadas.
- Non houbo ningunha campaña de información entre os usuarios da sanidade para que coñezan o seu dereito de seren atendidos en galego.
- Total ausencia de formación en lingua galega para o persoal da sanidade e falta de información do seu deber de atender en galego os pacientes que o desexen.
- O propio SERGAS distribúe programas informáticos que dificultan que os profesionais da sanidade realicen o seu traballo en galego.

6.- SOCIEDADE

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Estimular a galeguización do mundo do deporte e do ocio, así como da súa proxección mediática e publicitaria.
2. Promover unha oferta ampla e diversificada de produtos lúdicos en galego que combinen a diversión coa promoción dos valores humanísticos.
3. Incorporar a poboación inmigrante á lingua propia de Galicia, garantíndolle, para este fin, unha oferta formativa accesible, atractiva, gratuíta e de calidade.
4. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego no desenvolvemento da súa vida relixiosa, de xeito que se respecten os seus dereitos lingüísticos e culturais.
5. Potenciar o emprego da lingua galega nas áreas relixiosa e de acción social

Áreas do sector

Área 1. Crenzas relixiosas OBXECTIVOS DE ÁREA

- Impulsar entre o clero e nos seminarios católicos, en colaboración coa xerarquía eclesíástica, un proceso de reflexión bíblica, patrística e canónica sobre a cuestión da lingua galega no traballo pastoral, que permita aumentar o uso do galego nesta área.
- Reflexionar sobre o uso da lingua galega como lingua de relación, culto e formación das outras confesións relixiosas.

Área 2. Servizos sociais OBXECTIVOS DE ÁREA

- Potenciar o uso da lingua galega como elemento optimizador do desenvolvemento laboral e de eficacia na prestación de servizos sociais tanto públicos como desde o sector privado.
- Garantir que os servizos sociais dependentes das administracións públicas desenvolvan a súa actividade social desde a práctica da Oferta positiva, respectando os dereitos lingüísticos dos usuarios destes servizos.
- Incluír nos plans de formación dos traballadores dos servizos sociais unha área de formación de lingua galega que garanta a competencia lingüística oral e escrita destes traballadores.
- Impulsar o uso da lingua galega nas institucións e organismos asistenciais e de servizos sociais tanto dependentes da Administración como desenvolvidas por empresas privadas e organizacións sen fins de lucro.

Área 3. Inmigración OBXECTIVOS DE ÁREA

- Concienciar os axentes sociais da conveniencia de incorporar a poboación inmigrante á lingua e cultura galegas.
- Introducir a lingua galega nos programas de formación e inserción dos traballadores inmigrantes.

Área 4. Asociacionismo OBXECTIVOS DE ÁREA

- Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas, etc.).
- Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúan a ser axentes de promoción da lingua.

Área 5. Deporte OBXECTIVO DE ÁREA

- Lograr que o galego sexa a lingua de comunicación co público nos estadios, pavillóns e eventos deportivos, especialmente nos de seguimento masivo.
- Conseguir a plena galeguización nos colectivos, federacións e clubs do ámbito do deporte.
- Promover a presenza do galego nos medios de comunicación especializados en información deportiva.
- Fomentar a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte de xeito que teñan competencia e actitudes favorables para desenvolveren o seu labor en lingua galega.

Área 6. Lecer e tempo libre OBXECTIVO DE ÁREA

- Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.
- Promover o uso do galego nas institucións públicas, empresas privadas, asociacións e colectivos organizadores de actividades lúdicas e de lecer.
- Promover a recuperación de xogos tradicionais galegos

Área 7. Turismo OBXECTIVOS DE ÁREA

- Asociar a lingua ao concepto de patrimonio, paisaxe e ecoloxía da actividade turística.
- Conseguir que o galego estea presente na documentación contractual, de información e propaganda do sector turístico.
- Promover que o turismo rural signifique un achegamento do mundo urbano á lingua galega.

AVALIACIÓN:

No ámbito relixioso, malia as cuantiosas subvencións que recibe a Igrexa da Secretaría Xeral de Política Lingüística, estas non repercuten nun incremento no uso real do galego. Á parte de na maioría de oficios relixiosos en parroquias abertamente galegofalantes, a Igrexa exclúe o galego de sinalética de templos e patrimonio de interese cultural ao seu coidado, da oficina do peregrino, de celebracións como a Semana Santa ferrolá, etc.

No ámbito dos servizos sociais, tamén se están a dar pasos atrás, nomeadamente desde a Consellaría de Traballo e Benestar que dirixe Beatriz Mato, lévanse a termo actuacións encamiñadas a deixar de garantir a competencia en galego dos traballadores e traballadoras dos servizos sociais, publicación unicamente en castelán da Carteira de Servizos sociais, ou a elaboración dun modelo de "Informe Social Unificado" que exclúe o galego, dificultando que as traballadoras e traballadores sociais usen a lingua propia, etc.

Non houbo avances significativos nos ámbitos da Inmigración e asociacionismo atribuíbles ás políticas da Xunta.

Por outra banda, na área do deporte os avances que se producen son resultado do compromiso e demanda dos afeccionados. Bo exemplo son as demandas por unha maior presenza do galego nos estadios de fútbol de Riazor e Balaídos. É salientábel a ausencia do uso normal do galego na maioría de federacións deportivas, que malia estaren directamente subvencionadas pola Xunta exclúen o galego e nalgúns casos nin sequera respectan a toponimia.

Na área de lecer e tempo libre, basta con repetir en voz alta obxectivos como "Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade" para evidenciar que estamos tan lonxe hoxe como hai dez anos de facelo realidade.

Finalmente, a área de Turismo chama a atención que sexa o actual departamento de Turismo da Xunta o primeiro en contradicir os obxectivos do Plan Xeral, excluindo o galego das súas campañas e actuacións turísticas, como a das rutas turísticas en tren por Ourense.

INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS ACORDADAS:

Crenzas relixiosas

- Non se percibe aumento real do uso do galego na liturxia malia existir unha política de subvencións.
- Exclusión do galego de templos, patrimonio de interese cultural ao coidado da Igrexa ou celebracións.

Servizos sociais

- Actuacións encamiñadas a deixar de garantir a competencia en galego dos e das traballadoras de Servizos Sociais.

Inmigración

- Ausencia de políticas de integración de inmigrantes que contemplan a lingua galega.

Deporte

- Ausencia do galego na maioría das federacións deportivas malia estaren subvencionadas pola Xunta.

Lecer e tempo libre

- Ningunha acción da Xunta para conseguir "unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego" tal e como recolle o PXNL.

Turismo

- Exclusión do galego de campañas e actuacións como o tren turístico de Ourense que mesmo utilizan a toponimia deturpada.

7.- PROYECCIÓN EXTERIOR DA LINGUA

OBXECTIVOS DE SECTOR:

1. Apoiar institucionalmente o uso e promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia nas que ten uso e pervivencia.
2. Impulsar a proxección da lingua e da literatura galega fóra de Galicia, como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.
3. Apoiar a acción cívica dos emigrantes e desprazados, dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade cultural de Galicia.
4. Promover o pleno recoñecemento do carácter plurilingüe do Estado.

Áreas do sector

Área 1. Relacións co resto do Estado e co exterior

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Conseguir que no Estado español se xeneralice con cordialidade o recoñecemento de que o galego é a lingua propia de Galicia.
- Facer posible o estudo do galego, como segundo idioma moderno, en toda España no ensino non universitario.
- Fomentar a presenza do galego no ensino universitario, así como a súa investigación.
- Impulsar a presenza da lingua, da cultura e da literatura nas comunidades do Estado das autonomías.
- Promover medidas que favorezan a información internacional verbo da realidade lingüística de Galicia e da súa cultura diferenciada.
- Consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico.

Área 2. Relacións con outros territorios de lingua galega

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir a formación en lingua galega nos centros de ensino das comunidades de fala galega de fóra de Galicia.
- Crear espazos nos que os habitantes de territorios galegófonos poidan usar a súa lingua en calquera tipo de relación.
- Facilitar o acceso das persoas destes territorios aos medios de comunicación públicos de Galicia.
- Prestar a axuda que estas comunidades demanden para o mellor coñecemento, conservación e progreso da lingua que nos é común.

Área 3. Emigración

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Apoiar institucionalmente o uso e a promoción do galego nas comunidades de emigrantes galegos.

AVALIACIÓN:

Os pequenos avances que se deran neste sector na época do goberno bipartito, como as melloras nas condicións laborais e no funcionamento de moitos lectorados, ou o impulso da proxección exterior non só da lingua e da literatura galegas senón tamén da música e outras manifestacións da nosa cultura, remataron coa chegada de Núñez Feixó ao Goberno galego.

Nos últimos anos elimináronse proxectos e plataformas orientados á proxección exterior da nosa cultura, reduciuse ao mínimo o orzamento dos lectorados, eliminouse gran parte da oferta de cursos de lingua e cultura galega para as comunidades do exterior, etc.

Ao mesmo tempo, como xa deixamos constancia en anteriores apartados deste informe, retrocedeuse abertamente no recoñecemento práctico do carácter plurilingüe do Estado.

INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS ACORDADAS:

- Destaca o incumprimento da medida "estrela" neste apartado: a creación do Instituto de Lingua e de Cultura Galega "Rosalía de Castro".
- Non se avanzou no impulso de medidas para favorecer o uso do idioma nos territorios de lingua galega que non pertencen á Galiza administrativa. Por exemplo non se impulsou ningún programa cos gobernos de Asturias e Castela para potenciar a transmisión familiar da lingua.
- Nin se facilitou a perfecta sintonización da RTVG nestes territorios nin se aumentou a súa presenza con programas territoriais propios, como establece o Plan Xeral. Ao contrario, desde 2010 a TVG xa non se pode ver en aberto no Bierzo nin no resto de zonas limítrofes de Castela e Asturias a pesar da grande demanda cidadá.

- Non se fixo nada por recuperar as formas propias da toponimia nos territorios de fala galega en Asturias e Castela.
- Non se cumpre o compromiso de apoiar as organizacións que se esforzan por promover o galego nestas zonas.